



Expte núm.: 2022/E001/000043

## ANUNCIO Nº 2

### **Convocatoria para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha (1) praza de administrativo/a, asimilado ao subgrupo C1, do Concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022 - estabilización do emprego temporal). Resultado do proceso selectivo.**

O órgano de selección do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha (1) praza de administrativo/a, asimilado ao subgrupo C1, do concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022), nomeado mediante a Resolución núm. 17/2024, do 8 de xaneiro, do concelleiro delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, na súa sesión do 05/03/2024 e de conformidade coa base sétima das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E 2022 (disp adic 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, BOP da Coruña núm. 231 do 07/12/2022) e da base sexta das bases específicas para a cobertura dunha praza de administrativo/a, persoal laboral fixo, asimilado ao subgrupo C1 (BOP da Coruña núm 241 do 22/12/2022), efectuou a valoración dos méritos dos tres aspirantes presentados e dispuxo a publicación do resultado para os efectos da presentación de reclamacións que se considerasen oportunas, sen que durante o prazo concedido se tivera presentado ningunha.

O órgano de selección, en sesión que tivo lugar o día 05/03/2024 adoptou os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Elevar a definitiva a valoración da fase de concurso do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha (1) praza de administrativo/a, asimilado ao subgrupo C1, do Concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022) co seguinte resultado:

Aspirante	Experiencia profesional	Formación académica	Formación específica	Puntuación total
Rivera Piñeiro, Margarita	30 puntos	1 punto	19	<b>50</b>
Viñas Mayo, Rubén	0 puntos	1 puntos	19 puntos	<b>20</b>
Pérez Martínez, María Guadalupe	0 puntos	0,50 puntos	19 puntos	<b>19,50</b>

**Segundo.-** Proponer á Concellería-delegada da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos a **contratación de Margarita Rivera Piñeiro**, na categoría de **administrativo/a, asimilado ao subgrupo C1**, do cadro de persoal laboral fixo do concello das Pontes de García Rodríguez.

**Tercero.-** En virtude da base décima das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E (disp adic 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), publicar un anuncio co resultado do actuado na presente sesión no taboleiro de anuncios electrónico do Concello das Pontes, así como na páxina *web* municipal.

**Cuarto.-** A persoa aspirante proposta polo Tribunal deberá presentar no concello, a través da sede electrónica, no prazo máximo de vinte (20) días hábiles, contados a partir da publicación do resultado do proceso selectivo no Taboleiro de anuncios electrónico do concello, a seguinte documentación:



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453184 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: BDF

- a) Certificado/Informe médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira expedido por facultativo/a competente.
- b) Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- c) Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente (artigo 13 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades) e referido ao momento da sinatura do contrato.
- d) Cartilla da Seguridade Social (no caso de estar de alta) ou declaración de non estar de alta.
- e) Acreditación documental da conta bancaria no que se farán os seus ingresos nominais.

A non presentación, dentro do prazo fixado, da documentación esixida e agás os casos de forma maior, ou cando do exame da mesma se deduza que se carece dalgún dos requisitos sinalados na base terceira, impedirá o nomeamento e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tivera incorrido por falsidade na súa solicitude de participación.

Documento asinado pola secretaria do órgano de selección, Sandra López Rodríguez, na data da sinatura dixital